



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLE/2019/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	25 de outubro de 2019
Duración	Desde as 20:00 ata as 23:30 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario accidental	JOSE CARLOS VILARIÑO MEIRA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35276165F	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
77013449L	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
X8600228E	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	SÍ
78738961W	IRIA VILLAR RODAL	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
53119072C	LAURA VERDE CURRA	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
78734468V	MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ	NON
44083047M	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ





76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
53118594W	RAFAEL JIMÉNEZ FERNÁNDEZ	NON
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
78734398Q	ROSA MARY DE LA CAMPA PORTELA	SÍ
73241615R	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores de data 22 de xullo, 27 de setembro e 15 de outubro de 2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

O Pleno da Corporación de Cangas acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, aprobar os borradores das actas do Concello Pleno realizadas os días 22 de xullo, 27 de setembro e 15 de outubro de 2019, coas seguintes precisións para a aprobación da acta do 27 de setembro de 2019:

- Punto 5º.- Expediente nº 4251/2019. A intervención da Sra. Vizoso Marcos que consta na acta, se corresponde co punto seguinte, expediente nº 5397/2019, como así xa consta. No seu lugar, no expediente nº 4251/2019 debería poñer: "...*sinala que non constan os nomeamentos dos representantes nos consellos escolares*".

- Punto 6º.- Expediente nº 5397/2019. Na última intervención da Sra. Vizoso Marcos, onde di: "*recorda a importancia do PMUS e PXOM*" debería dicir: "*recorda a importancia do PXOM e o PMUS e a súa relación*".

- Punto 12º.- Expediente nº 5391/2019. Retírase a palabra "*pero*" da intervención da Sra. Giráldez Santos.

Expediente 5755/2019. Proposta do concelleiro de urbanismo e medio ambiente para actualización do prezo do módulo de metro cadrado de edificabilidade bruta ordenanzas URME e URTA

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación





O Concello Pleno acorda a retirada da orde do día deste punto, a instancias do proponente da proposta quen solicita a súa retirada.

Intervencións:

Sr. Fandiño Albarte: as ordenanzas URME e URTE permiten aproveitar e dotar de unha maior edificabilidade respectando as alturas, recuadros e aliñacións, como transferencia de aproveitamento. Este Pleno ao longo dos anos estivo cobrando unha cantidade por módulo de edificabilidade determinado por un informe do arquitecto municipal que acompaña a este expediente. Considerando que se perdeu a vixencia de dita valoración fai unha nova valoración modificando esa cantidade, que é froito dunha solicitude dun particular e informada polo arquitecto, que sometermos a este Pleno. En canto as cuestións plantexadas na Comisión Informativa Única sobre a viabilidade de dita cuestión, incorporouse un informe xurídico feito pola xefa de urbanismo no que di que se pode compensar mediante pago en metálico, en consecuencia se trae a Pleno para a súa consideración.

Sr. Hermelo Álvarez: aclarar que esta rebaixa é máis do 50% pasando a 305 euros. O informe da xefa de urbanismo é meramente xurídico e botamos en falta a documentación completa da donación. Esta modificación non é só para un solar senón que vai quedar en vixencia para os demais solares. Temos dúbidas de que o método elixido sexa o mellor. Non entendemos que esta modificación sexa necesaria, pensamos que a rebaixa é demasiado alta e unha das valoracións económicas máis baixa a nivel do estado. Para o noso grupo a edificabilidade debe aterse á legalidade. Hai déficit de pisos para o público e tamén de espazos públicos. O concello debería buscar máis equipamentos, creemos que hai alternativas e non a económica, esta rebaixa non é adecuada. A proposta non parte do Concello, senón dunha empresa privada que o único que busca é masificar o seu beneficio e non o da veciñanza de Cangas. Esta rebaixa non se adecuada ao que é mellor para a nosa vila.

Sr. alcalde: alguén calculou a superficie que lle correspondía ao concello por unha posible edificación? Estou de acordo con esa filosofía, mellor aproveitar que cobrar, sempre e cando sexa viable.

Sra. Giráldez Santos: a actualización de valores non está suficientemente argumentada. Debería haber unha explicación técnica. ¿Qué repercusión habería noutros espazos e a quen beneficia?. Esa repercusión non está explicada. Unha intervención do ano 2007 indicaba que a actualización de valores beneficiará aos promotores e non aos veciños, garantindo que os importes obtidos se dedicaran a fins legais, e refírese ao importe que está agora en vigor e esta foi a xustificación para a aprobación en Pleno dos seiscientos e pico de euros por metro cadrado. Se non se modificou nos anos da crise, ¿por qué agora si?

Sr. Soliño Costas: unha proposta baleira. Falta informe de secretario e interventor. Se pretende unha rebaixa importante do módulo de edificabilidade, preténdese pasar de 607 a 305. Acabamos de enterarnos agora de que existe un informe da asesora xurídica pero que nos non o temos e debería estar xa desde o primeiro momento. Resumindo, unha proposta pouco seria, sen rigor e non documentada cons informes necesarios. Sen xustificar as cantidades que figuran. O PP pode entender neste situación unha rebaixa pero con informes.

Sr. alcalde: indica que hai un informe do arquitecto.

Sr Abalo Costa: de acordo coas intervencións, non se falou deste na C. Informativa. Pedíuse informe da xefa de Urbanismo. Caben interpretacións. Cousa interesante para consensuar.





Sr. Fandiño Alberte: retiramos a moción proposta para pedir informes de Secretaría e Intervención.

Sr. Hermelo Álvarez: pide que se explicaran mellor por parte do arquitecto as cuestións da valoración. Que se clarifique o informe.

Sra. Giráldez Santos: solicita que se expliquen as repercusións noutros solares.

Sr. alcalde: o proponente retira a moción.

Expediente 7668/2017. Proposta do concelleiro de urbanismo e medio ambiente de modificación de normas subsidiarias municipais

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Dase conta da proposta do concelleiro de urbanismo e medio ambiente de data 17.10.2019, referente á modificación de normas subsidiarias municipais, que é como segue:

"PROPOSTA COMISIÓN INFORMATIVA

Visto que por acordo plenario de data 27 de xullo de 2018 acordouse ASUMIR expresamente o proxecto presentado por 'Monteoliva Arquitectura SLP', de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Cangas para a recalificación dun ámbito de solo urbano sito no lugar de Ximeu, estrada PO 551, Cangas nunha superficie aproximada de 17.634 m²., de conformidade co proxecto elaborado por 'Monteoliva Arquitectura SLP', de data outubro de 2017, como propio e promover a súa tramitación perante as administracións competentes, considerando o Concello como oportuna a modificación das normas subsidiarias de planeamento proposta, iso por reinar naquela un interese xeral e acordouse a formulación da modificación puntual das normas subsidiarias do Concello de Cangas dos terreos sitos no lugar de Ximeu, a carón da estrada autonómica PO 551, de conformidade co proxecto elaborado por 'Monteoliva Arquitectura SLP', de data outubro de 2017 e que se comunicase ao órgano ambiental o acordo de formulación da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento vixentes, xunto coa solicitude de inicio da avaliación estratéxica simplificada, co fin de determinar a necesidade ou non do seu sometemento ao proceso de avaliación ambiental ordinaria.

Considerando que, con data 17.01.2019, se recibiu resolución da Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático, pola que se formula o informe ambiental estratéxico da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Cangas.

Considerando que, con data 22 de agosto e 17 de outubro, se emitiu informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais, informes respecto da conformidade da modificación puntual coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.

Considerando que se recibiron os informes sectoriais previos á aprobación inicial da modificación puntual en trámite, realizada a tramitación legalmente establecida, propónse ao Pleno a adopción do seguinte:





ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Cangas relativas ao cuarteirón conformado polas rúas da Torre, Paraíso, da Enseñanza e a Avenida da Coruña (PO-551), nunha superficie de 17.634 m²., superficie nos termos que obran no expediente, de conformidade co proxecto técnico elaborado por 'MONTEOLIVA ARQUITECTURA SLP' de 'MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE CANGAS PARA A RECUALIFICACIÓN DUN ÁMBITO DE SOLO URBANO', de data marzo de 2019.

SEGUNDO.- Someter a modificación puntual ao trámite de información pública durante dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e anuncio, ademais, no xornal Faro de Vigo. Durante o devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran a modificación puntual, incluído o estudo ambiental estratéxico, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO.- Suspender o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de plan cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

A duración da suspensión é dun prazo máximo de dous anos, a contar desde a aprobación inicial, extinguíndose en calquera caso, ca aprobación definitiva do planeamento. Ditas áreas afectadas pola suspensión son as seguintes:

(plano do ámbito de alteración do planeamento e da suspensión de data marzo de 2019 e que afecta a todo o ámbito)

Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.

De conformidade co disposto no artigo 86.3 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a suspensión das licenzas non afectará a:

a) ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás no caso de obras de rehabilitación integral equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas por razóns de urxencia ou que impliquen un aumento do volume construído.

b) licenzas de primeira ocupación.

c) os proxectos que cumpran simultaneamente co instrumento de planificación vixente e o plan especial aprobado inicialmente.

d) os actos suxeitos ao proceso previo de comunicación, sempre que sexan obras ou actos para a posta en marcha de usos ou actividades autorizadas pola nova planificación.

Durante a suspensión das licenzas, poderán autorizarse usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro e do artigo 204 do regulamento.

CUARTO.- Remitir o expediente á persoa titular da Consellería competente en materia de urbanismo para que emita informe tras realizar as consultas pertinentes.





[O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable.

Cumprimentados os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, podendo continuarse o procedemento].

QUINTO.- Solicitar ás administracións públicas competentes os seguintes informes previstos pola lexislación sectorial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, indicado no anexo do regulamento da Lei do solo de Galicia".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta do concelleiro de urbanismo e medio ambiente, emitido en data 21 de outubro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sr. alcalde: aprobose o inicio do tramite e outros informes. Deféndese esta modificación da norma polo beneficio para o pobo a nivel de tráfico de aparcamento. Cambiar o supermercado Familia para trasladalo para a Av. Da Coruña,. Cando se traslade pecharase o outro supermercado, e no proxecto vai cunha oferta de aparcamento aberto o resto do tempo e do ano.

Sra. Vizoso Marcos: tratado xa no ano 2018. Apoian o traslado dunha superficie comercial, vistos os informes presentados e pídese a maior transparencia no momento de exposición pública, que se coñeza mellor o proxecto.

Sra. Giraldez Santos: non solemos estar a favor de modificacións pero neste caso mantemos o noso apoio a esta proposta.

Sr. Soliño Costas: examinada a documentación, temos as mesmas dúbidas, xa que se engloba a varias vivendas familiares e un edificio. Comunicouse a estes veciños os pros e contras en beneficio dun centro comercial? por qué se fai o cambio e en que beneficia a Cangas?

Sr. alcalde: esta aprobación inicial leva aparellada unha exposición pública. A veciñanza gaña en edificabilidade e os viais métese na modificación. É recomendación dos técnicos do Concello e da Xunta.

Sr. Fandiño Alberte: dar continuidade polo interese legal.

Sr. Soliño Costas: alguén comunicoulle aos veciños a información? Quedamos no Pleno anterior de informalos. A modificación para beneficio dunha empresa ten dúbidas, imos absternos.

Sr Alcalde: parte da veciñanza estivo no Pleno de apertura do expediente, pero poden presentar alegacións ata a aprobación inicial. No momento que se faga público terán coñecemento e poden alegar.

VOTACIÓN E ACORDO





Concello de Cangas

A favor: 12 (4 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 concelleiros/concelleiras de ACE, 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE e 2 concelleiros/concelleiras do BNG).

Abstencións: 6 (6 concelleiros/concelleiras do PP).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de urbanismo e medio ambiente transcrita anteriormente.

Expediente 6050/2019. Proposta da alcaldía sobre a defensa da ría de Vigo CÍES

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 17, En contra: 1, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dase conta da solicitude da asociación "Plataforma pola defensa da Ría de Vigo CÍES", asumida pola Alcaldía e asinada en data 17.10.2019, referente á defensa da ría de Vigo CÍES, que é como segue:

"SR. ALCALDE/SA PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE CANGAS

S. R. G., con domicilio aos efectos de notificación en X, nº X Domaio-Moaña, en calidade de presidente da asociación 'Plataforma pola defensa da Ría de Vigo CÍES', inscrita no Rexistro provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 1993/003062-1³, CIF G36208304, con domicilio social en Rúa Palmás, nº X-A-Moaña.

EXPÓN:

A Autoridade Portuaria de Vigo está a elaborar os documentos nos que se deseñan novos aterrados na ría de Vigo ao abeiro da necesidade de acadar mais superficie para desenvolver a actividade portuaria, obras estas que afectarían negativamente aos sectores do mar (pesca artesanal, marisqueo, mexilloeiros, etc), turismo e á calidade ambiental da ría e os seus habitantes.

Os terreos gañados ao mar na liña costeira do Concello de Vigo, ata o momento, equivalen a 3.200.000 m²., dos que somentes unha parte está dedicada a usos portuarios, estando o resto integrados na trama urbana da cidade ao ser vendidos para a construción de edificacións privadas ou espazos públicos.

Para que o porto de Vigo sega sendo competitivo e poida mellorar a súa actividade non é preciso seguir a ocupar a lámina de auga con novos recheos, mais ben cómpre poñer en funcionamento o porto seco de Salvaterra-As Neves, cunha liña de ferrocarril que axilice o tránsito de mercadorías entre ambas plataformas portuarias, que potencie o desenvolvemento industrial da provincia de Pontevedra conectando os demais polígonos do interior e modernizando a liña que nos conecta con Ourense polo Miño.

A proposta de aterramento anunciado en Bouzas e no Areal é a mais prexudicial e depredadora que se poida adoptar cando do que se trata é de explotar os recursos naturais dun xeito

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 6GRGRWKEGHK/WGZZK/W5M/JULESC | Corrección: <http://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 29



racional e sostible do medio. Este tipo de solucións considerabamos que estaba desbotada desde os estamentos responsables de dinamizar o porto, xa que se utilizaron outras solucións menos agresivas na ampliación do peirao do Areal co sistema de pilotaxe permeable ás corrientes mariñas, pero lamentablemente os actuais responsables da Autoridade Portuaria non teñen o mais mínimo respecto nin interese na conservación e potenciación dos recursos mariños e da economía que deles se derivan, só lles preocupa a rendibilidade curtopracista do porto e proporcionar o negocio inmediato aos amigos da ocasión como xa sucedeu anteriormente cando se liberaron terreos para a súa venda a particulares nas zonas urbanisticamente interesantes despois de aumentar a superficie portuaria con recheos, un pelotazo!

Xa temos manifestado en múltiples ocasións que a nosa organización xamáis se oporá ao progreso sustentable do porto de Vigo pero sí a calquera recheo sobre a lámina de auga da ría de Vigo e o seu ámbito litoral. Antes de ampliar é preciso optimizar a superficie da plataforma portuaria eliminando actividades impropias dun porto para que deixe de ser un almacén permanente de todo tipo de mercadorías sen tránsito, polígono industrial, restaurante, oficina de privados, etc, desprazándoas aos polígonos ou ámbitos deseñados fóra do recinto portuario xa que por causa deste sistema, de gañar superficie ao mar con recheos para a actividade portuaria, perderonse os mellores bancos marisqueiros da ría e con eles miles de postos de traballo ademais do dano irreversible ocasionado ao medioambiente.

Denunciamos publicamente a actitude arrogante da Autoridade Portuaria que dá as costas á cidadanía e amosamos o noso rexeitamento a calquera aterrado sobre esta pois volvería a privarse do dereito a ter un futuro digno ás novas xeracións, afectaría aos recursos mariños, postos de traballo en pesca e marisqueo, turismo, calidade de vida e cambiaría a configuración natural desta. Un porto debe acoller unicamente actividades propias que precisen da lámina de auga como a carga e descarga de mercadorías, pasaxeiros, construción naval e lonxas fundamentalmente.

Por todo o exposto e sendo unha entidade con interese lexítimo, nas actuacións que nos ocupan, dado que o noso ámbito de actuación de acordo aos estatutos abrangue todo o territorio da Ría de Vigo e as concas que verten nela,

SOLICITA do Pleno desa corporación municipal que se adopten os seguintes acordos:

Demandar da Autoridade Portuaria de Vigo:

- A anulación dos aterramentos anunciados publicamente (65.000 m² en Bouzas, Areal 50.000 m²), na zona de Rande ou calquera outro no ámbito litotal da ría de Vigo.*
- Sexa posto en funcionamento o porto seco de Salvaterra-As Neves cunha liña de ferrocarril que axilice o tránsito de mercadorías entre ambas plataformas portuarias que potencie o desenvolvemento industrial da provincia de Pontevedra e conecte os demais polígonos do interior modernizando a liña que nos conecta con Ourense polo Miño.*
- Se proceda á optimización das superficies da plataforma eliminando actividades impropias do porto desprazándoas aos polígonos ou ámbitos apropiados fóra do recinto portuario.*
- Que os concellos con representación dentro do consello de administración da Autoridade*





Portuaria de Vigo demanden o cumprimento dos acordos plenarios aprobados".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 21 de outubro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sr Alcalde: esta moción foi presentada por unha plataforma en defensa da Ría de Vigo e asúmea a Alcaldía.

Sra. Vizoso Marcos: imos vota a favor para que a Autoridade Portuaria de Vigo non continúe cos aterrados.

Sra. Villar Rodal: apoiamos esta demanda contra os aterrados na Ría. A mellora do Porto de Vigo non pode ser con aterrados.

Sr. Fandiño Alberte: non aos aterrados do mar, que empreguen outras alternativas.

Sr. Millán Blanco: non aos aterrados, buscar outra alternativas. Apoiamos a moción.

Sr. Abalo Costa: os puntos 1, 3 e 4 son apoiables, discrepo do punto 2 porque o porto seco non está legal. Particularmente non estou de acordo por falta de plan de usos.

Sra. Villar Rodal: o funcionamento do porto seco debería levar acompañado toda a normativa legal.

Sra. Vizoso Marcos: pide non cambiar a contido da moción.

VOTACIÓN E ACORDO:

A favor: 17 (6 concelleiros/concelleiras do PP, 4 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE, 2 concelleiros/concelleiras de ACE e 2





Concello de Cangas

concelleiros/concelleiras do BNG).

En contra: 1 (1 concelleiro de ACE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta asumida pola alcaldía transcrita anteriormente.

Expediente 5823/2019. Moción do grupo municipal do BNG sobre o rescate do Hospital Povisa

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10, En contra: 6, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 6GRGRWKEGHK/WCZZKWSJWLESC | Corrección: <http://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 29



Dase conta da moción do grupo municipal do BNG de data 08.10.2019, referente ao rescate do Hospital Povisa, que é como segue:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A PROL DO RESCATE DO HOSPITAL POVISA

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, reclamando o rescate do hospital POVISA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O hospital Povisa presta atención sanitaria a case 140 mil persoas dos concellos de Vigo, Moaña, Cangas, Nigrán, Gondomar e Baiona, contando cun cadro persoal de aproximadamente 1.500 traballadoras e traballadores.

O concerto singular que o Sergas mantén historicamente co hospital Povisa condicionou e segue a condicionar o deseño do conxunto da área sanitaria de Vigo, segregando recursos da Sanidade Pública para financiar un centro privado que lle supón ao Sergas un desembolso de máis de 75 millóns de euros anuais (7 de cada 10 euros que ingresa Povisa proveñen dos fondos deste concerto, a razón de 504 euros por paciente e outras transferencias complementarias). Neste sentido, a política privatizadora seguida polo Partido Popular na Xunta de Galiza, con medidas como o recorte das capacidades e dotacións do Hospital Álvaro Cunqueiro ou o desmantelamento de boa parte do Hospital do Meixoeiro, provocou deliberadamente que Povisa sexa imprescindible, polo momento, para garantir a atención sanitaria no conxunto da área, sendo ademais Povisa centro de referencia para o sur de Galiza para cirurxía maxilofacial, da man e persoas queimadas.

Ante a compra do hospital Povisa por parte do grupo 'Ribera Salud', por 24 millóns de euros, chama a atención que este grupo empresarial participado nun 90% por un fondo voitre norteamericano (Centene Corporation), asuma a xestión dun centro hospitalario que arrastra perdas millonarias, a pesares das continuas aportacións de diñeiro público e a condonación da factura farmacéutica deste centro por parte do Sergas. Ademais convén lembrar que 'Ribera Salud', foi o grupo propietario do hospital valenciano de Alzira que, pola súa pésima xestión, tivo que ser finalmente rescatado pola Generalitat Valenciana.

Cómpre rexeitar de maneira contundente esta operación claramente especulativa que compromete un dereito irrenunciábel e un servizo público esencial como a atención sanitaria e que non se reduce a unha operación entre sociedades privadas toda vez 'Povisa', é un grande receptor de diñeiro público a través do concerto. En consecuencia o Sergas debe absorber de xeito directo a xestión deste centro hospitalario, garantindo tanto o mantemento dos postos de traballo do persoal deste centro sanitario como a atención sanitaria da poboación adscrita a





Povisa, con base ao seu dereito a recibir unha atención sanitaria 100% pública, universal, gratuíta e de calidade.

Por todo o exposto, solicitamos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- 1. - Instar á Xunta de Galiza a iniciar o proceso de declaración do Hospital Povisa de interese público como primeiro paso para tomar o seu control desde o Sergas e, deste xeito, blindalo ante calquera tentación de futuros recortes e garantir de maneira efectiva a atención sanitaria.*
- 2. - Realizar por parte da Xunta de Galicia unha auditoría das contas e da xestión realizadas por 'Povisa', no relativo ao concerto asinado co Sergas.*
- 3. - Reclamar á Xunta de Galicia que actúe como garante da calidade da atención sanitaria da poboación adscrita a Povisa, así como a velar polo mantemento dos postos de traballo do persoal deste centro hospitalario.*
- 4. -Trasladar os presentes acordos á Presidencia da Xunta de Galiza e a todos os grupos parlamentarios do Parlamento Galego".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do BNG sobre o rescate do Hospital Povisa, emitido en data 21 de outubro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sra. Giraldez Santos: sobre compra de Povisa, o BNG presenta esta moción porque pretende rescatalo para ser publico este hospital. A poboación de Cangas está afectada. Entendemos que o Sergas debe asumir a xestión deste hospital para prestar unha atención pública de calidade.

Sr. Hermelo Álvarez: puntualizar a moción, somos libres de escoller hospital, e modificar o HAC como era inicialmente, imos apoiar e facemos campaña para cambiar ao Cunqueiro.

Sra. Portas Mariño: é un tema delicado e importante para a veciñanza. Apoiamos unha ordenación da area sanitaria de Vigo e arredores. Mermouse a area sanitaria con peches de centros e hospitais. E se está financiando Povisa, que é un centro privado. É un despropósito económico a compra do hospital. Non estamos de acordo coa compra de Povisa por un fondo "voitre". Debería pasar ao Sergas. Con respecto aos traballadores, esixir o mantemento do emprego e negociar o convenio. Reivindicamos o CAR para Cangas e o Morrazo. Expóñense varias reivindicacións históricas con respecto á sanidade. Persoalmente non está de acordo co punto 1, pero si co 2, 3 e 4, e vaise abster, independente do que fagan os demais membros do seu grupo.

Sr. Fandiño Albarte: non se pode xogar coa saúde. Somos conscientes de que unha cousa grave e importante.

Sr Sotelo Villar: o BNG formou parte da Xunta cando se prorrogou o concerto con Povisa. No





estado existe a propiedade privada e Povisa cambia de mans pero a atención vai ser prestada polos mesmos profesionais co mesmo Concerto hai anos.

A administración debe garantir atención e os postos de traballo. A auditoría de contas debe ser controlada polo Consello de Contas. Cando chega Núñez Feijoo só había 5 proxectos do HAC e construíuse o HAC. Este concello axudou para que a xente fixera o cambio de hospital. No do CAR estamos de acordo, non podemos perder esta ocasión, temos que chegar a un acordo para non perder este centro.

Sra. Giráldez Santos: a política privatizadora do HAC depende de Povisa e non se cambia pola comodidade da localización do centro. Dependemos de Povisa en maxilofacial e queimados. Moita xente xa ten o especialista en Povisa. Moitos vimos do activismo social e traballamos constantemente. Reclamamos que sexa público 100% e seguimos defendendo o Centro de saúde do Hio e o CAR.

Sr. Hermelo Álvarez: é discriminatorio como se fai o cambio de privada á pública. Imos apoiar a pesar das contradicións da moción que requiren un estudo mais amplo.

Sra. Portas Mariño: puntualizar o dito antes, falase de camas con respecto ao servizo. Nadie compra algo sen saber que cargas ten, fai falla unha auditoría. Hai que demandarlle á Xunta que poña os transportes necesarios para acceder o HAC. Defendo un hospital único. Non estou por comprar sen saber.

Sr Sotelo Villar: se non se presta un servizo adecuado a xente non iría. A Povisa vaise porque o servizo é adecuado. Coa actitude do seu partido e sindicato estase enfrontando aos traballadores de Povisa. Non estamos de acordo, imos votar en contra.

Sra. Giraldez Santos: Non facemos política, pero podemos presentar propostas. O PP fai recortes. A compra debería ser con auditoría e con garantías. 140.000 veciños dependen de Povisa.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 10 (4 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE, 2 concelleiros/concelleiras do BNG e 1 concelleiro de ACE).

En contra: 6 (6 concelleiros/concelleiras do PP).

Abstencións: 2 (2 concelleiros/concelleiras de ACE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal do BNG transcrita anteriormente.

Expediente 6047/2019. Moción do grupo municipal do PP, sobre a posta inmediata da zona azul de xeito gratuito

Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 6, En contra: 12, Abstencións: 0, Ausentes: 0
---------------------	--

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 15.10.2019, referente á posta





inmediata da zona azul de xeito gratuito, que é como segue:

"Cangas conta cunha ordenanza reguladora desde fai máis de cinco anos e malia dos distintos anuncios feitos de modificación da citada ordenanza, que o Concello faría de forma dialogada cos colectivos sociais, das visitas efectuadas a outros concellos para ver o funcionamento, de pedir prezos de parquímetros ata agora nada se fixo.

Hai uns días o Sr. Pazos anuncia que Cangas vai contar con zona azul pero aínda que sexa cun prezo simbólico, de pago.

Cando menos resulta curioso o cambio do goberno municipal, en abril do 2019, anuncia que modificarán a ordenanza da zona azul con control de matrícula e prazas para residentes pero que sería de forma gratuita como sempre foi pensada e meses despois anúnciana de pago.

Desde o PP de Cangas, sempre consideramos que esta medida que ademais fora solicitada polos comerciantes e 'Asociación de vendedores da praza', é unha das medidas mais necesarias para mellorar, impulsar e dinamizar estes sectores tan importantes para a economía do noso pobo. Lembrar que o 15 de xullo do 2016, o PP presentou unha moción onde se instaba ao goberno a que de maneira inmediata se volvera a pór en activo a zona azul con carácter gratuíto. Foi votada en contra polos grupos que conformaban o goberno co pobre argumento de que no topaban os discos e que había que estudalo mellor. Supoñemos que despois de catro anos de traballos os estudos estarán feitos é polo que efectuamos a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

** O Pleno da Corporación insta ao goberno municipal á posta en marcha con carácter inmediato da zona azul, nunha primeira fase nas prazas xa marcadas en azul, de forma gratuíta".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 21 de outubro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sr. Millán Blanco: expón que Cangas conta cunha ordenanza reguladora de zona azul, pero con prezo simbólico, en abril vaise modificar a ordenanza con control de matrículas pero de forma gratuíta, pero agora aparece non gratuíta. Consideramos que é unha medida importante para dinamizar o comercio da zona. Despois de 4 anos de que o están estudando presentan a seguinte proposta.

Sra. Vizoso Marcos: di que se non hai control e sanción, todo quedaría como está, como se propón é unha improvisación e un parche. Debería facerse un estudo dentro da mobilidade.

Sr. Fandiño Alberte: hai que debater e consensuar os problemas de tráfico. O PP quere consensuala cos veciños e grupos, sen poñela en marcha. A gratuidade non serve de nada.

Sr. alcalde: recordarlle que o que se aproba é nos Plenos. Se dixo que a zona azul gratuíta non serve para nada. Os discos non serven porque se cambian. Estase traballando e falando coas asociacións. Que sexa de pago simbólico con un sistema de pago e control. (exemplo. Un





vehículo con cámara que controle o tempo). Non fomos capaces por falta de medios e de persoal. A proposta consensuada debaterase no pleno. O obxectivo é a fluidez do tráfico. No próximo verán teremos 12 novos policías. Agora nótase a escasez de efectivos. Votaremos en contra da moción.

Sr. Millán Blanco: no que dixeron hai contradicións, dentro da ordenanza aprobada hai procedemento sancionador. ¿non lle interesa que aparquen gratuitamente arredor da praza? Non teñen medios e debe ser de cobro. Os comerciantes solicitan o servizo. Non é necesario cobrar.

Sra. Vizoso Marcos: afirma que a mellor maneira de favorecer a rotación é cobrar para compensar o mantemento do sistema, sen que os vehículos estean todo tempo aparcados.

Sra. Giráldez Santos: di que non temos claro que a zona azul sirva para dinamizar a zona. Non imos apoiar. Foi posta en marcha no ano 2006 pero fracasou. Defendemos un estudo serio pero por especialistas.

Sr. alcalde: puntualiza para sinalar sobre as contradicións: hai réxime sancionador, pero faltan medios persoais e materiais para poñer en marcha iso. Non serve o disco de horario. Noutros concellos (dirixidos polo PP) págase no centro do pobo. Os comerciantes reivindicán mobilidade, rotabilidade e están de acordo en que sexa de pago simbólico.

Sr. Millán Blanco: os argumentos para defender a non gratuidade se contradín. Consideramos que se leva desde 2016 con isto e non se fixo nada.

Sr. alcalde: non sei de concellos de Galicia que sexa gratuíta.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 6 (6 concelleiros/concelleiras do PP).

En contra: 12 (4 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE, 3 concelleiros/concelleiras de ACE e 2 concelleiros/concelleiras do BNG).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda rexeitar integramente a moción do grupo municipal do PP transcrita anteriormente.

Expediente 5999/2019. Moción do grupo municipal do PP para a inclusión no programa deportivo escolar da actividade de natación escolar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 15.10.2019, referente á inclusión no programa deportivo escolar da actividade de natación escolar, que é como segue:

"Rosa Mary de la Campa Portela, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Cangas, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno:

EXPOSICION DE MOTIVOS

O pasado luns 30 de setembro iniciouse no noso concello o 'Programa deportivo escolar', que





leva xa en funcionamento 16 anos.

Tal como consta na área de deporte da páxina web, ofértanse para este curso 2019/2020 un total de 14 actividades e prevese a participación de máis de 800 nenos/nenas.

Destaca o Concello que o programa deportivo é un conglomerado de actividades extraescolares que se ofertan desde a concellería de deportes, para os nenos/nenas de educación infantil e primaria, dos 10 centros educativos do Concello de Cangas, destacando que moitos nenos que comezaron nas escolas deportivas da concellería de deportes, co paso dos anos conseguiron grandes resultados deportivos a nivel autonómico e nacional na súas respectivas modalidades.

Por outra banda, a oferta de actividades extraescolares e deportivas para os nenos e nenas do noso concello complétase en cada colexio gracias os acordos chegados entre ANPAS e clubs, escolas de lecer e outras organizacións.

Entre estas actividades ofertadas polas ANPAS atópase a natación escolar, actividade que se realiza na piscina municipal pública 'A Balea'.

Con respecto a esta última actividade, nas últimas semanas as protestas das nais e pais con fillos escolarizados nos colexios concertados do Concello puxo de manifesto una problemática que a todas luces require de atención e solución. Dita actividade de natación escolar, que recalcamos se realiza nunha instalación municipal pública, está sendo regulada por unha normativa acordada entre a federación de ANPAS (na que só poden participar os centros públicos) e o Concello e que establece literalmente: 'Terán preferencia os/as cursillistas que xa están matriculados/matriculadas en cursos anteriores e pertencentes ás ANPAS que formen parte da federación', o cal supón que os nenos e nenas dos colexios concertados deberán esperar ao fin de prazo de matrícula e optar unicamente ás prazas e horarios que quedasen vacantes tralas solicitudes dos nenos e nenas dos colexios públicos.

Este punto establece, sen dúbida algunha, unha discriminación manifesta de cara aos nenos e nenas escolarizados en colexios concertados, dado que:

- Se trata do uso e desfrute dunha instalación pública e municipal; instalación construída e mantida cos impostos de todos os cangueses.

- As ANPAS dos colexios concertados nos poden pertencer a federación de ANPAS, polo que quedan fóra deste acordo sen posibilidades de sumarse a este.

- Os colexios concertados participan en igualdade de condición que os colexios públicos no Programa deportivo escolar do Concello de Cangas, prestando con agrado as súas instalacións para a realización de actividades colectivas destinadas a nenos e nenas de todos os colexios do concello.

Non existe, polo tanto, unha razón intrínseca pola que os nenos e nenas escolarizados nos colexios concertados non poidan ter o dereito de concorrer en igualdade de condicións ás prazas da actividade de natación escolar.

PROPOSTA DE ACORDO:

** Incluir para o vindeiro curso 2020/2021 e sucesivos, no Programa deportivo escolar, a actividade de natación escolar, co fin de que non sexa unha actividade regulada polas ANPAS e*





evitar deste xeito a discriminación no acceso a actividade, facendo para iso as xestións pertinentes coa actual empresa xestora da piscina municipal".

Intervencións:

Sra. De la Campa Portela: expón a moción. O concello ofrece un programa deportivo nas instalacións do concello e dos colexios, pero que a única que non se utiliza é a piscina. Hai un programa mediante acordo entre a Federación de anpas e a empresa da piscina. Esta normativa establece que teñen prioridade os nenos das anpas dos colexios públicos, non os dos concertados. Cando quedan prazas sobrantas das ocupadas polos nenos dos públicos poden ir das concertadas, como pode ser discriminatorio, pide igualdade mediante regulación do concello.

Sr. Alcalde: cando presentou a moción xa estaba resolto o problema. O Goberno local regulou a xestión para solucionar iso. Abriuse o prazo de matrícula aberto a todos os nenos.

Sr. Hermelo Álvarez: agradece a aclaración feita polo Alcalde. O problema de fondo é a situación, xestión, da piscina. Coa capacidade que ten é difícil permitir a todos no mesmo horario. Hai que solucionar para dar cabida a todos. E resolver Situación alegal da piscina e facilitar que mais xente poida acceder.

Sra. Giraldez Santos: na proposta, exceptuando o 2º punto, apoiamos. Na 2ª parte e na exposición de motivos, non sabemos de donde a sacan. O acordo foi acordado con todas as anpas, publicas e concertadas. As normas aprobadas para o ano 2018-19 foron consensuadas coas anpas. Non só coa federación. Non hai discriminación. Estamos pola labor de incluíla no programa de deporte escolar, excepto a fase de natación escolar.

Sra. Portas Mariño: defendemos o ensino público, con acceso a todo, pero non podemos educar si non damos igualdade. No momento en que temos coñecemento do problema, modificouse para igualar a todos.

Sra. De la Campa Portela: non se pode resolver neste caso. Adiantouse o prazo de matrícula, pero non supón a resolución do problema. Debería ser igual o prazo para todos. Os cupos vanse cubrindo segundo a inscrición. Con relación á normativa publicada, ¿por qué terán prioridade os da federación de anpas?. Queremos unha solución, podemos retirar a fase e que non volva a pasar o problema.

Sr. Alcalde: suspendeuse a matricula e logo, mais tarde, abriuse novamente. Retirar a referencia "discriminación" e para o próximo curso todos poidan matricularse por igual.

Sr. Hermelo Álvarez: pide esclarecer de donde sal o indicado pola empresa da piscina publicada no paxina web. Falar coa dirección de empresa e indicar a normativa aprobada polo concello.

Sr. Alcalde: indica que hai que poñer na paxina web o regulamento actual. Indícallo ao concelleiro de deportes.

Sra. Giráldez Santos: está consensuada con todas as Anpas.

Sra. Portas Mariño: búscase a igualdade de todos os nenos.





Sra. De la Campa Portela: rematar sinalando que esta normativa que cito está colgada na paxina web da piscina e aos traballadores da piscina indicóuselle que non podían matricular a outros nenos ata que rematase o prazo para os dos colexios públicos.

Sr. alcalde: comprométese a ver que pasou co regulamento.

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 21 de outubro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal do PP transcrita anteriormente.

Expediente 5993/2019. Moción do grupo municipal AVANTE sobre eficiencia enerxética

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 16, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal AVANTE de data 15.10.2019, referente a eficiencia enerxética, que é como segue:

"O grupo municipal Avante! - Candidatura Veciñal, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN

Exposición de motivos

Cando apagamos as luces ou aparellos eléctricos, ou cando pechamos a billa da auga, non só estamos a aforrar o gasto de enerxía ou o consumo da nosa vivenda, tamén llo estamos a aforrar ao planeta. O Plan de Sción para a Enerxía Sostible e o Clima (PAESC), marca as liñas para lograr a redución do 50% das nosas emisións de CO₂ para o 2030, entre as que destaca a necesidade da mellora da eficiencia enerxética nos concellos.

Na configuración do actual equipo de goberno do Concello de Cangas, incluíuse nomeadamente unha nova área de traballo, a área de enerxía, co obxectivo de: 'lograr a eficiencia enerxética do Concello e fomentar a loita contra o cambio climático, mediante políticas ecolóxicas destinadas a reducir os axentes que constitúen un perigo para o cambio climático e promovendo o emprego das enerxías renovables nos edificios públicos'.

Pensamos que dúas medidas polas que comezar a traballar nesta área deben ser a redución do consumo de auga nas instalacións e infraestruturas municipais e o cambio da iluminación pública do Concello a luminarias de tecnoloxía LED con control de intensidade e tempo de funcionamento.

Recentemente, o Concello de Moaña anunciaba que iniciaron o cambio a LED de 352 puntos de luz na PO-313, co obxectivo de reducir as emisións nun 40%, dando así continuidade á





substitución xa completada en toda a PO-515 ao seu paso por Moaña.

Consideramos urxente que o Concello de Cangas invista na mellora dos cadros eléctricos e das luminarias de todas as vías municipais, e na xestión centralizada de todos os puntos eléctricos, buscando unha renovación progresiva de toda a iluminación pública do Concello. Esta medida suporía un importante aforro enerxético, permitindo unha baixada do consumo eléctrico en todos os cadros e tamén, en consecuencia, un importante aforro económico para o Concello.

Por este motivo presentamos as seguintes propostas de acordo:

- Instar ao goberno municipal a executar o proxecto de 'Subministración e servizos para a prestación do servizo integral da rede de iluminación pública exterior do Concello de Cangas'.*
- De non poder realizarse con fondos propios, licitar o servizo con total seguridade xurídica e transparencia, tanto no proceso licitación como na súa adxudicación e execución.*
- Realización dun estudo de eficiencia enerxética, incluíndo locais, edificios e espazos públicos, para lograr un cambio cara un modelo enerxético de baixo consumo máis eficiente".*

Intervencións:

Sra. Vizoso Marcos: explica a moción. Falando de emerxencia climática é necesario traballar no tema da enerxía en relación ao consumo de auga e cambiando as luminarias do concello. (aceptase a emenda do BNG)

Sra. Giráldez Santos: compartimos a exposición de motivos. Traballouse moito nisto. Debería executarse con fondos propios e hai axudas para facelo. Hai moito para substituír. Hai axudas da UE.

Sr. Abalo Costa: indica que está de acordo coa proposta, podería traerse en novembro a Pleno. Non paralizalo aínda que non haxa axudas. Ampliar esa liña de actuación.

Sr. Fandiño Alberte: afirma que produce aforro enerxético e monetario Estaba suscrito polo acordo de goberno.

Sra. Hermelo Piñeiro: expón que houbo un contrato de alumeado exterior, un estudo. Pedíuse na Comisión a retirada. No Pleno, indicouse que se estaba pagando de máis. O contrato foi tombado por outros problemas legais. Pedimos o cambio a luces led e repoñer polos medios propios as luminarias. Rexeitouse a proposta do PP. Entendemos o aforro. Pedimos que se faga con medios públicos. Estamos de acordo do punto 2º, pero con legalidade xurídica.

Sra. Vizoso Marcos: sempre defendemos licitar con fondos propios.





Sra. Giráldez Santos: pide mudar o punto 2º, non sacar a licitación, senón sacalo con medios propios, se non hai fondos públicos. Debería facerse xa.

Sr. Abalo Costa: expón que se se quere repoñer o alumeado exterior. Hai problema si efectivamente non fraguou o contrato foi por causa legal de reclamacións das empresas. Agora podemos acceder por ser concello de mais de 20.000 habitantes. Agora pódese pedir axudas.

Sra. Hermelo Piñeiro: non se quere pedir axuda pública porque retrasaría o contrato. Non se recibiron fondos Eduxi. O contrato está tumbado por algo legal. Perdemos 4 anos e tivo a oportunidade de facelo. Parte do abandono é culpa súa.

Sr Alcalde: algo se repuxo.

Sra. Vizoso Marcos: entendemos que é unha engádega. Non aceptamos a proposta do BNG. A situación do alumeado é grave.

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal AVANTE, emitido en data 21 de outubro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 16 (6 concelleiros/concelleiras do PP, 4 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 concelleiros/concelleiras de ACE e 3 concelleiros/concelleiras da AVANTE).

Abstencións: 2 (2 concelleiras do BNG).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal AVANTE sobre eficiencia enerxética.

Expediente 6004/2019. Moción do grupo municipal do PP sobre a titularidade do camiño a Punta Couso

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 9, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 15.10.2019, referente á titularidade do camiño a Punta Couso, que é como segue:

"D. Rafael Soliño Costas, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, presenta para seu debate no Pleno a seguinte moción:

Ante os sucesos acontecidos ano tras ano de incendios na 'zona de exclusión de Punta Couso' e ante a parálise do goberno de Cangas para dar unha solución inminente a este problema, traemos devolta esta proposta.

O acceso a Punta Couso é un problema que ven de lonxe, onde se priva da liberdade, uso e titularidade dun camiño que debería de ser público, xa que existe e mais que evidente a súa necesidade e interese público de dito acceso.





É unha vergoña, que unha parte do territorio e costa do Concello de Cangas, non poida ser visitado polos/polas veciños/veciñas, prívase do acceso aos mariñeiros para o seu traballo ou impide o mantemento do faro pola seguridade no mar.

Por estes motivos, propoñemos o Pleno da Corporación Municipal de Cangas a seguinte proposta de ACORDO:

1) Que de maneira inmediata ou no menor tempo posible, se inicie un expediente expropiación do acceso a Punta Couso, para que este pase a ser de titularidade municipal, para o seu uso público".

Intervencións:

Sr. Soliño Costas: expón que o acceso a Punta Couso sigue estando complicado. Non pode ser visitado nin hai acceso ao faro nin acceso para os mariñeiros, por iso presentan a moción.

Sr Alcalde: se non entendo mal, vostede considera un agravio esta situación e quere que llo expropiemos, que llo paguemos aos propietarios?

Sra. Vizoso Marcos: en setembro de 2017 solicitase iniciar para abrir o camiño, o PP tamén, e o concelleiro de urbanismo tamén presenta o mesmo. O novo concelleiro pode informar de cómo está a asunto agora e incluílo no PXOM polo equipo redactor.

Sra. Giráldez Santos: di que é un tema reiterativo, apoiamos a expropiación. Non sabemos como está na actualidade o expediente.

Sr. Fandiño Alberte: somos conscientes deste problema. O 1º paso é aproveitar para incluílo no inventario de bens.

Sr. Soliño Costas: cando o Alcalde fala de expropiación, igual quere non facer nada. Unha solución é a expropiación por interese público, o inventario é un camiño cerrado.

Sr Alcalde: se o anterior goberno o houber aberto o expediente, porque o goberno actual non atopou ningún expediente aberto sobre o tema.

Sra. Vizoso Marcos: di que hai que negociar cos veciños.

Sr Alcalde: afirma que os veciños non queren negociar.

Sra. Giráldez Santos: non vamos votar a favor, pero queremos que a camiño sexa público, pero sen pagar por el, aforrando cartos aos veciños.

Sr. Fandiño Alberte: agora teñen presa? Estase facendo o tema do inventario e si se esgota buscamos outra vía.





Sr. Soliño Costas: cando se deron esas licenza era o PSOE que gobernaba e esas vivendas non lindaban co camiño. Por agora ninguén esta facendo nada. No 2015 si iniciouse un expediente sobre esa zona. O que viñeron despois consideraron que a expropiación non era adecuada foron polo inventario pero levamos 4 anos e está igual. Non se vai a ningún lado coa inclusión no inventario.

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 21 de outubro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

VOTACIÓN E ACORDO:

A favor: 6 (6 concelleiros/concelleiras do PP).

En contra: 9 (4 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 concelleiros/concelleiras de ACE e 2 concelleiros/concelleiras do BNG).

Abstencións: 3 (3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda rexeitar integramente a moción do grupo municipal do PP transcrita anteriormente.

Expediente 6002/2019. Moción do grupo municipal do BNG sobre o acondicionamento e accesibilidade do local de Cima de Vila

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal do BNG de data 15.10.2019, referente ao acondicionamento e accesibilidade do local de Cima de Vila, que é como segue:

"MOCIÓN PARA ACONDICIONAMENTO E ACCESIBILIDADE DO LOCAL DE CIMA DE VILA

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte





moción para o seu debate en Pleno:

Durante o mandato anterior do que formaba parte o BNG, desde as concellerías nas que tiña competencias en colaboración con outras concellerías, solicitáronse aos técnicos municipais distintos proxectos e memorias valoradas para mellora e actuacións en espazos e inmobles de titularidade municipal destinadas á ampliar a oferta de espazos útiles e adaptados ás necesidades da veciñanza canguesa que irían executándose en función das posibilidades económicas, como foi o caso do baixo da antiga agraria que cubriu unha demanda e actualmente é un espazo con alta ocupación.

Entre estes proxectos e memorias figura o 'Acondicionamento da planta baixocuberta do local de Cima de Vila. Esta instalación municipal, xestionada nos seus usos pola concellería de xuventude, foi acondicionada durante o mandato 2008-2011, para dar servizo ás asociacións e colectivos veciñais, sociais e culturais preferentemente da parroquia de Darbo, con varios locais destinados a salas de ensaio, usos múltiples e oficinas. O baixocuberta dividido en dous espazos amplos, actualmente ten un local en uso e un espazo sen acondicionar de grandes dimensións, uns 139 m²., que precisa dunha actuación para adecualo e dar un maior servizo aos colectivos. O acondicionamento desta sala daría resposta ás necesidades de espazo aos colectivos que demandan salas de maiores dimensións para grupos máis numerosos e conta con accesibilidade ao dispor de ascensor o que permite o acceso ás persoas con mobilidade reducida desde a planta inferior, pero é necesario actuar tamén na entrada ao inmovible para garantir a accesibilidade desde a rúa.

A memoria valorada incluía apertura de ocos para novas fiestras, chans, paredes, electricidade, armarios... para dispor dun novo local multiusos para os distintos colectivos e asociacións. O importe non superaba os 22.000 €, aos que habería que engadir o acondicionamento da entrada desde a rúa Palomar, para garantir a accesibilidade, así como a posibilidade de acondicionar o terreo na cara sur da propiedade para prazas de aparcamento xa que o lugar non dispón de zona habilitada para os vehículos. Esta obra podería executarse con financiamento propio neste mesmo ano contando cos importes para obras da transferencia de crédito aprobada no anterior mandato.

Polo exposto presentamos o seguinte punto de ACORDO:

** O goberno municipal executará o acondicionamento do local baixocuberta, a accesibilidade desde a rúa Palomar e un espazo destinado a aparcadoiro no inmovible de Cima de Vila-Darbo, para mellora e ampliación a novos usos desta instalación municipal que dará resposta á demanda da veciñanza".*

Intervencións:

Sra. Villar Rodal: expón a moción: afirmando que apostan pola mellora de espazo útiles para a veciñanza. O local de Cima de Vila necesita melloras. Adecuar o espazo non utilizado e mellorar a accesibilidade polas dificultades para as persoas con mobilidade reducida. Outra é o acondicionamento na parte sur para aparcamento. Pedimos que se faga con financiación propia.





Sr. Hermelo Álvarez: apoiamos a moción e que se faga público o proxecto de obra de melloras.

Sr. González Fernández: xa se adiantou e o acondicionamento está pendente de adxudicación, e estase valorando para facer todo iso.

Sr. Soliño Soliño: todo arranxo é positivo. É un dos centros con mais actividade. É necesario facer esa obra. Adecuar a accesibilidade do centro e de outros, sobre todo para as eleccións. E mellorar a entrada.

Sr alcalde: vaise acometer o arranxo da baixo cuberta e do aparcamento. A accesibilidade noutra fase, porque necesita un proxecto. Vanse acometer outros arranxos para mellorar a accesibilidade.

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do BNG, emitido en data 21 de outubro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

VOTACIÓN E ACORDO:

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal do BNG transcrita anteriormente.

Expediente 6017/2019. Moción do grupo municipal de AVANTE sobre o servizo de recollida e tratamento do lixo

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal de AVANTE de data 16.10.2019, referente ao servizo de recollida e tratamento do lixo, que é como segue:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AVANTE! - CANDIDATURA VECIÑAL, SOBRE O SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DO LIXO

O grupo municipal Avante! - Candidatura Veciñal presenta para o seu debate e aprobación, se procede, polo Pleno da Corporación a seguinte:

MOCIÓN





Exposición de motivos

O Concello de Cangas forma parte da Mancomunidade do Morrazo (MCM), entidade supramunicipal que actualmente xestiona a recollida do lixo. A empresa concesionaria deste servizo (Recolte) ten o contrato prorrogado ata outubro de 2020, polo que foi preciso estudar as posibilidades na xestión futura deste servizo unha vez se finalice ese contrato.

Neste senso, en agosto deste ano presentouse aos grupos municipais o estudo encargado para valorar a viabilidade da xestión directa do servizo por parte da MCM ou, en todo caso, para volver licitar o servizo integral de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) e asinar un novo contrato.

Esta semana dase a coñecer na prensa a intención de 'Recolte' de ceder o contrato prorrogado a outra empresa do sector, 'Urbaser'. En todo caso, esta proposta, de formalizarse, terá que ser autorizada pola Xunta de Goberno da Mancomunidade.

Ante esta situación, consideramos urxente que se formalicen os órganos de goberno da MCM e que se reúnan con mais frecuencia, para evitar a dilación na toma de decisións e nas actuacións da MCM, para unha xestión mais transparente de todo o proceso ata implantar o futuro servizo e para un seguimento efectivo deste.

Presentamos ao pleno da corporación as seguintes propostas de acordo, para instar á Mancomunidade a:

- Presentar un informe xurídico da secretaría da MCM que avale a viabilidade da cesión do contrato entre ambas empresas e que informe das consecuencias desta cesión, centrándose na situación do persoal contratado actualmente neste servizo.
- Presentar un cronograma de actuacións, tendo en conta a data de finalización da prórroga do contrato do servizo de recollida e tratamento do lixo, que evite novas prórrogas.
- Garantir os postos de traballo xa existentes e establecer mecanismos efectivos para o control dos servizos que se prestan, no futuro modelo de xestión que se estableza para o servizo de recollida e tratamento de residuos.
 - Dotarse dunha estrutura orgánica sólida, coa creación dos postos de traballo precisos mediante unha relación de postos de traballo (RPT), e reestruturar os órganos e o persoal da entidade supramunicipal, para poder asumir con medios propios os servizos mancomunados e a facer un seguimento da xestión destes".

Intervencións:

Sr. Hermelo Álvarez: explica a moción coa exposición de motivos. Con unha 2ª prórroga ata 2020. Preocupa intención de Recolte de ceder o contrato. Que se faga o estudo do tratamento da recollida do lixo. Informe xurídico da viabilidade de cesión do contrato. Cronograma do novo servizo. E non antes de outra prórroga e garantir os contratos de traballo.





Sr. alcalde: hai unha emenda do BNG que propón substituír o punto 4º. Informa que na 1ª xunta da mancomunidade para a próxima semana, un dos puntos é a compra de Recolte por Urbaser.

Sra. Giráldez Santos: propón substituír o punto 4, propoñen que se fagan estudos para a xestión pública.

Sr. Abalo Costa: indica que os estudos son necesarios e saber qué se quere. Qué modelo de xestión queremos, unha definición de cómo se quere. Saber que quere a mancomunidade e o concello. Hai que abrir un posicionamento político. Un encontro entre portavoces.

Sr. alcalde: defender os posicionamentos de Cangas.

Sr. Fandiño Alberte: é un asunto de calado e require un estudo e un debate entre todos os grupos. Acordar una posición unánime.

Sr. Millán Blanco: indica que o feito do cambio de titularidade debe contar con informes xurídicos e cronograma para o futuro. Garantir os postos de traballo. Dotar de estrutura orgánica o servizo. A mancomunidade é un exemplo de solidariedade, xa que Cangas aporta mais que outros. Sobre a xestión, hai un informe de resultados. Avogamos pola xestión mais eficiente e económica. Si municipalizan vai ser mais caro, hai que pensalo.

Sr. alcalde: informa que o único posto que se podería engadir sería o de xerente (na mancomunidade).

Sr. Hermelo Álvarez: expón que esta de acordo coa proposta do PSOE. En canto ao modelo de xestión, apostamos pola mancomunidade conxunta, pero habería que falar dos modelos posibles. Si non estamos de acordo co modelo da empresa debemos estudar que facer. Hai que instar a que a mancomunidade se dote e xestione os seus recursos. Traballar de cara a un modelo eficiente e económico. Non aceptan a emenda do BNG.

Sra. Giráldez Santos: afirma que a nosa proposta é un modelo de xestión da mancomunidade. Proposta consensuada con Bueu e Moaña. Imos votar a favor.

Sr. alcalde: indica que hai pendente o debate sobre o modelo de xestión.

Sr. Abalo Costa: di que a solidariedade hai que establecela coa veciñanza. Ten que haber un modelo comarcal no Morrazo. A recollida e o tratamento é importante. Non se pode crear xerentes afeccionados que non saiban o que están xestionando. Estase aforrando 500.000 euros pola prorroga e non se está dando ningunha orientación de cómo mellorar o servizo.

Sr. Millán Blanco: expón que buscar o modelo mais eficiente é ter o mellor servizo e ao menor custe. Aínda con diferenzas a mancomunidade funciona. O Alcalde que explique o cambio de empresa. Imos abstermos ante a falta de criterio.

Sr. alcalde: os acordos da Xunta de Goberno da Mancomunidade serán trasladados a todos. Recolte é propiedade de Urbaser, pero o contrato non. A realidade é que manda Urbaser. Ten unha entrevista pendente con Urbaser.

Sr. Hermelo Álvarez: aplaude o cambio de posición do BNG, para a xestión directa. Non debatemos o modelo. Non 2020 acaba a prorroga e ten que facerse un cronograma para resolver este problema.





Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal de AVANTE, emitido en data 21 de outubro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 12 (4 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 concelleiros/concelleiras de ACE, 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE e 2 concelleiros/concelleiras do BNG).

Abstencións: 6 (6 concelleiros/concelleiras do PP).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal de AVANTE transcrita anteriormente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da alcaldía ditadas desde o 21 de setembro ata o 20 de outubro de 2019

O Concello Pleno queda informado das resolucións da alcaldía ditadas desde o 21 de setembro ata o 20 de outubro de 2019.

Dación de conta dos informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal

O Concello Pleno queda informado da relación de informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº38 do orzamento municipal, que consta dun total de 19 documentos que se relacionan a continuación:

- Número 2019-0171 de data 31.07.2019
- Número 2019-0216 de data 05.09.2019





- Número 2019-0217 de data 05.09.2019
- Número 2019-0218 de data 05.09.2019
- Número 2019-0219 de data 05.09.2019
- Número 2019-0220 de data 09.09.2019
- Número 2019-0221 de data 09.09.2019
- Número 2019-0226 de data 18.09.2019
- Número 2019-0227 de data 23.09.2019
- Número 2019-0228 de data 23.09.2019
- Número 2019-0229 de data 23.09.2019
- Número 2019-0230 de data 23.09.2019
- Número 2019-0231 de data 23.09.2019
- Número 2019-0232 de data 23.09.2019
- Número 2019-0236 de data 26.09.2019
- Número 2019-0239 de data 27.09.2019
- Número 2019-0240 de data 27.09.2019
- Número 2019-0242 de data 30.09.2019
- Número 2019-0243 de data 30.09.2019.

Dación de conta de solicitude de subvención do POS 2017.- Reinvestimento

O Concello Pleno queda informado das solicitudes formuladas á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao POS-2017, que son as que se relacionan a continuación:

- Substitución da iluminación existente no pavillón do Gatañal, por importe de corenta e oito mil cento cincuenta e oito euros (48.158,00 €) co IVE engadido. Memoria redactada pola arquitecta técnica municipal.
- Substitución da iluminación existente no pavillón de San Roque, por importe de corenta e seis mil cincocentos oitenta e cinco euros (46.585,00 €) co IVE engadido. Memoria redactada pola arquitecta técnica municipal.
- Substitución da iluminación existente no pavillón de Romarigo, por importe de trinta e catro mil setecentos vinteseite euros (34.727,00 €) co IVE engadido. Memoria redacta pola arquitecta técnica municipal.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sr. Soliño Costas: desde hai un ano no Camiño de Romarigo hai un poste de telefonía media tombado, cando se vai resolver este problema?

Sr Alcalde: vaise contactar coa empresa para que retire o poste ou incoar expediente sancionador.

Sra. Vizoso Marcos: a principios deste mes de outubro coñecíamos o ditame do Consello Consultivo de Galicia, sobre a revisión de oficio do contrato do ciclo integral da auga. Tendo en conta o contido dese ditame e os prazos estipulados para tomar unha decisión e trasladala ao Consello Consultivo: Cando presentará o goberno municipal a





proposta de acordo coa decisión que se adopte ao Pleno, tendo en conta que xa se incumpre o prazo dado dun mes e que ten que ser aprobada en sesión plenaria?

Sr. alcalde: son preceptivos informes e levarase quizas a Pleno extraordinario.

Sra. Giráldez Santos: nas dacións de conta, a última, sobre modificación por renunciar a 2 obras a cambio de 3 da Deputación, pavimentacións. Pídese información e resposta por escrito.

Sr. Sotelo Villar: hai 2 Plenos, preguntou polos informes sobre as atraccións de festas e polo número de horas extras realizadas pola policía, e polas pagadas, en xeral.

Se hai consciencia de que hai un aumento importante de delitos contra a propiedade privada? Píde resposta e ¿qué pensan facer e qué medidas van a tomar?

Sr. alcalde: a competencia de orde público é da Garda Civil. Tivemos reunións coa subdelegada do goberno. Xubiláronse moito policías. A Xunta sacou a concurso 12 prazas de policía. Cando tomen posesión retomaríase as 3 quendas, esperamos a medio prazo telo solucionado.

Sr. Hermelo Álvarez: en agosto de 2018 presentouse no Concello o "Proxecto de mellora e ampliación do saneamento e dos bombeos na Ría de Aldán, con actuacións en Vilariño e Vilanova". Confirmábase tamén a existencia de orzamento suficiente, para facer fronte ás actuacións máis urxentes contempladas no proxecto. Máis de un ano despois, cada vez que chove volvemos a ter verquidos e problemas cos pozos de bombeo. Cando se vai licitar e executar o proxecto dos bombeos de Vilariño e de mellora do saneamento para toda a Ría de Aldán?

Sr Alcalde: o proxecto ten que vir a Pleno.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

